

FOGAR PARROQUIAL DE SAN SADURNIÑO

De ilusiones non se vive

Cando cheguei, xaneiro de 1971, funcionaba un Teleclub instalado polo crego anterior nos baixos da Reitoral, na dependencia que dá ao adro. Era reducido, pero acolledor grazas ao tempo que lle dedicaba **José Luis Sanjurjo**. Alí teño xogado moito ao ping-pong cos rapaces. De seguida metéronme na Directiva xunto con **Antonio Parra, D. Jesús** (Mestre), **Paco de Salvador, Avelino Cinza, Regina Cinza, Vitucho** e outros. Como o local facíase pequeno, miramos de atopar outro con máis capacidade, pero non aparecía. Unha das veces ocorréuseme propoñer que, se parecía ben, se estudara a posibilidade de solicitarlle ao axuntamento a parte do Convento onde estiveran as escolas; daquela ateigado de trastes e pousada de ratiños. Fíxose a petición por escrito. Durante tempo e tempo, a calada por resposta. Fomos á Coruña falar cun Farmacéutico que tiña manexos no Goberno Civil para que nos botara unha man. Tardou, pero chegou o esperado escrito, redactado moi sibilinamente polo Secretario, Sr. Varela, no que explicaba sen explicar que non podía ser pero ao mesmo tempo non negaba que non se puidera facer. Nese tempo, entre a solicitude e a resposta, eu fora ao bispado (Mondoñedo) porque recordaba moi vagamente de cando estivera de Secretario de **D. Jacinto** que a carpeta do Arquivo Diocesano referente á Parroquia de San Sadurniño gardaba algo raro. Non sabía que.

Falei co Arquiveiro, **D. José María Fernández**, e amosoume a carpeta. Alí atopei un documento notarial (Notario Sr. Barrenechea) no que se transcribían os acordos entre o Bispado de Mondoñedo e o Axuntamento no tocante ao uso do Convento dos Dominicos no ano 1.863. (Eses Acordos publicáronse despois no PUMARIÑO de novembro do 78). Sacamos copia e saín máis contento que un cuco. Ao chegar á Xesta, nun recheo da estrada, lino a modiño. Entre outras grazas atopeime con isto: “*si en algún momento los Religiosos Dominicos u otros que el Obispo tenga a bien desean volver, tendrán libre y expedito su derecho a ocupar el edificio sin contradicción alguna*”. Logo, dígame a min mesmo: o Axuntamento non é dono do edificio. Case sen crelo, o corazón comeza a latexar forte; corro cara a Sansa. Xuntámonos pola noite a Directiva e cóntolles o que hai. Prometemos gardar en segredo a nova do descubrimento do tesouro.

Por fin, como xa dixen, chegou a resposta: “*ninguna disposición existe que permite hacer cesión de dependencias de inmuebles del Municipio, con la expresada calificación, para destinarlas a Teleclubs. Considerando, por tanto, que, sin autorización legal expresa a su alcance, el Ayuntamiento carece de posibilidad para hacer la cesión que se interesa*”.

Decidimos solicitar unha entrevista co Alcalde. Eu ía preparado. Tamén nervioso. Levaba a bomba escondida na carpeta. Iso pensaba eu. O Sr. Varela tratou de explicarse –coma sempre en castelán coruñés- dicindo que desafectar eses locais públicos, precisamente por ser públicos, era difícil e complicado e que, en derradeira instancia, non dependía deles. Despois de o escoitar, entro en escena, acendo a bomba: “*temos dúbidas sobre a propiedade dos locais*”. Os nosos corazóns latían forte crendo que aos nosos rexedores lles daría un patatús. Pero non foi así. Varela retorcese na cadeira e o Alcalde sorriu, como dicindo, “*probiño de ti. Tarde piaches!!*”. El era santanderino e non falaba galego. Pero como non dixera nin pío, por iso traduzo o xesto, máis que as verbas. A conversa foi tensa.

Varela seguía movéndose na cadeira, como tiña por costume. Na longa entrevista fomos descubrindo que o Secretario era sabedor do tema e engadiu algo para nós descoñecido: “*Quizás no saben que el Ayuntamiento tiene registrado en el Registro de la Propiedad la parte que está ocupando*”. Unha mala nova. Agora a bomba estala nos nosos fociños. Caeu por nós un xerro de auga fría que non serviu para refrescar a quentura da cachola. Saímos tristes da reunión cos nosos rexedores e, coma os canciños escorrentados, co rabo entre as pernas; pero non mortos. Miramos de investigar como fora iso do Rexistro; e descubrimos que antes do 1950 houbo unha Orde do Ministerio da Gobernación na que se ordenaba que todos os edificios públicos, despois de expoñelo no taboleiro de anuncios durante determinados días e sen que houbera reclamacións, foran rexistrados como bens públicos. Así o fixeron en San Sadurniño sen que ninguén se decatase. Logo soubemos que **D. José Gavín**, Párroco daquela, tivo un rifi-rafe coas autoridades por actuar practicamente ás escondidas.

Eu seguí furando. Con Paco de Salvador fomos visitar a **D. Gabriel Bouso Arias**, sacerdote natural de Riotorto e notable Letrado en Madrid. Estivemos con el no Mosteiro de Oia (Pontevedra), do que el se fixera dono. O Mosteiro estaba en moi mal estado e o dono tamén. Sufrira unha parálise lateral. A razón de ir facerlle a consulta precisamente a el era porque eu sabía –polos tempos que estivera con D. Jacinto Argaya– que era especialista nestes temas. Ademais visitárao varias veces acompañando ao bispo. E como tal me presentei.

Explicámoslle o tema entregándolle copia dos documentos que trouxera de Mondoñedo. Mestras os lía, caíalle a baba. Non por mor da parálise, se non polo pracer que sentía como bo preiteante. “*Esto es defendible*”, díxonos. Aclarámoslle que estaba rexistrado como ben público. “*Eso no tiene importancia*”. Mostrounos os pasos que habería que dar. O principal era que tiña que implicarse o bispado, pois a Parroquia non gozaba de personalidade xurídica para declarar o preito. Antes de despedirmonos falamos de San Sadurniño e de Riotorto, pois en San Sadurniño estivera de Párroco **D. José M^a Gavín** a quen coñecía de preto por seren os dous de Riotorto; ademais recordaba o trato coa Marquesa e que un órgano-armonio precioso que fora dela estaba na igrexa de Riotorto. ¡Que pequeno é o mundo!

Despois, desde Madrid, escribeme o 19 de outubro de 1972 a seguinte carta:

“Mi querido compañero y recordado amigo: Vine de Oya enfermo; y le escribo sobre las rodillas en cama. Es la primera vez que despacho un asunto sin despachar. Hojeando asuntos eclesiásticos encontré el asunto de que le había hablado y que tuvo solución conforme a ese juego con la Ley Hipotecaria y la desamortización. Se lo mando porque la solución que en él se indica fué la que prosperó después de recorrer el caso tres Ministerios: Relaciones, Justicia y Gobernación. El sistema que llevamos para más intervenciones es ése. Me pasa el incomparable amigo D. Diego la nota y yo se la contesto..(palabra ilexible). Encomiéndeme en sus oraciones, y un abrazo.

Gabriel Bouso

Aos poucos días preséntome no Bispado en Ferrol. Falo con **D. José Prieto Verdes**, Ecónomo Diocesano daquela. Cóntolle todos os pasos que déramos. Escoitoume pacientemente. Ao final dime: “*Si, Ramonciño, pero ¿para que queremos outro traste máis cando temos tantos edificios estartelados pola diocese adiante?*”. Comprebei que esta porta non se me abría. Estabamos obrigados a coller outro camiño.

Había tempo que matinaba que, como representante da Igrexa, podía considerarme o máis rico da Parroquia. Parecíame un contrasentido. Non estaba a gusto.

Desacougábame o ver que a finca do igrexario era a mellor situada. Escoitaba dicir que San Sadurniño non podía medrar porque entre a Cooperativa e a Parroquia tíñanlle copado o corazón... Dáballe voltas na miña cabeciña para ver como podía facer para que o pobo se beneficiara daquela propiedade. A ocasión apareceu ao querer ampliar o tele club e non poder facelo nas dependencias de que falei antes. Propúxenlle á Directiva construír un Fogar Parroquial nos terreos do igrexario na esquina que daba á praza do Axuntamento. Coas ideas que barallamos, **Avelino Cinza** e máis eu fixemos unha maqueta. Era como unha casona con baixo e piso, moi a tino co marco da praza. Fun exporlle o proxecto a D. Miguel Anxo, o Bispo. En principio pareceulle ben, pero quixo vir persoalmente reunirse coa Directiva para aclarar certos detalles. Así o fixo.

Foi unha xuntanza moi grata. Convidei a ela a unhas 15 persoas mirando que houbera polo menos dous de cada barrio. Todo ía sobre rodas. Tanto que aos poucos días xa estaban as máquinas preparando o desmante. Ao mesmo tempo seguíamos perfilando os estatutos, nacía *Pumariño*, no que se publicaron ... Convocamos unha asemblea parroquial. Expuxemos a idea e discutiuse polo miúdo. **Antonio Parra**, Presidente do Teleclub, levaba a voz cantante para apoiar as razóns a favor. **Ana de Prospes** (muller de Juan de Faxín) e a súa amiga **Carmen do Outeiro** defendían as razóns en contra. Posturas totalmente encontradas. Falábase de que Ana (era madrileña) pertencía ao partido comunista. Certo que aproveitaba estas ocasións para facerse ver e darse a coñecer. Citámonos para outra reunión. Esta foi parecida á primeira. Discusións acaloradas. O receo que había expresábase así: *“Hoxe está vostede e non hai problema; pero mañá ven un cura con outras ideas.. ¿e que?”*.

Para remachar, **Fernando de Sabín**, que estaba sentado no fondo do salón, dixo con voz segura, propia de quen case era Avogado: *“Ademais tede en conta que edificar en terreo alleo é edificar para o seu dono”*. ¡O que faltaba! Isto non era verdade de todo. Era a primeira vez que asistía a estas reunións e non sabía en que termos se estaban redactando os estatutos nin os compromisos do bispo. Canso de tanta discusión, acabei dicindo: *“Nós propuxemos esa solución para poder gozar dun local social no mellor sitio da parroquia. Os que teñan outra idea que a expoñan. Eu apúntome agora mesmo cunha cota de dez mil pesetas para mercar un solar distinto”*. Acabamos en desbandada.

Pero non todo foi en balde. Aqueles que íamos levar adiante o do Fogar Parroquial decidimos crear a “Asociación de Veciños Fogar”. Así o fixemos. As reunións da Directiva eran sempre na sala parroquial. Foron moitas as actividades que se desenrolaron. E esta serviu de exemplo para a creación das do resto das parroquias. Recordo que me invitaron os de Igrexafeita, Lamas, Narahío (Sta.Mariña e Ferreira dependían de min) para explicar como se constituía e animar aos veciños a facelo. Todas atoparon o seu pulo na de San Sadurniño, e esta naceu tan cedo como consecuencia das reunións para o Fogar Parroquial.

Hoxe penso que foi un acerto que non se levara a cabo esa idea do Fogar Parroquial. Aínda que o bispo quería que tivera moita independencia, non deixaba de estar a Igrexa implicada. Podía ser un foco de problemas. Confeso que estaba un pouco ofuscado; pero ao tempo sentínome resignado e liberado cando non aceptaron a nosa proposta. O solar durante moitos anos serviu de aparcadoiro público. Hoxe ten enriba o Centro Cultural Municipal, froito doutros Acordos entre o Concello e o Bispado. Así se escribe a historia.

Ramón Díaz Raña